



Parque empresarial de Pazos
32619 Verín (Ourense)

9:00h – 14:00h Atención con cita previa (988 413 415)
16:00h – 19:00h Atención ao público

AXENDA DO SEGUNDO SEMESTRE DE 2010

Centro de Desenvolvemento Cooperativo de Verín



Como froito do Programa Europeo DESQOOP INTERREG III A “Desenvolvemento rural transfronteirizo de base cooperativa, Galicia–Norte de Portugal” creáronse dous centros de desenvolvemento cooperativo, localizándose un deles na comarca de Verín (Ourense).

Trátase dun centro que ofrece unhas **instalacións modernas e multifuncionais ao servizo dos cooperativistas, emprendedores, axentes dinamizadores e público en xeral.**

Durante o segundo semestre de 2010 está previsto un amplo programa de actividades de dinamización, asesoramento e formación; continuando e ampliando as accións comezadas a principios de ano e que xa trouxeron consigo a creación de novas empresas cooperativas na zona.

Viveiro de empresas cooperativas

Cinco nidos para novas empresas

O Centro conta con 5 oficinas totalmente equipadas para promover a instalación doutras tantas cooperativas.

Servizos dispoñibles

As novas empresas dispoñen dos seguintes servizos: sala de xuntanzas, almacén, climatización, acceso á Internet e servidor informático. Proximamente estará dispoñible unha cafetería e tenda para expor e vender os seus produtos.

Asesoramento personalizado

Todas as empresas instaladas no viveiro contarán co apoio dun equipo técnico especializado en sociedades cooperativas.



Servizos de utilidade pública

Salón de actos

Espazo multiusos totalmente equipado para a organización de actos públicos, congresos ou actividades de formación, entre outras utilidades.

Tenda cooperativa (proximamente)

Local comercial onde poder coñecer e comprar produtos das cooperativas galegas e do norte de Portugal.

Punto de acceso á Internet (proximamente)

Aqueles usuarios que así o desexen, poderán conectarse a Rede de xeito totalmente gratuito dende as instalacións do Centro.





Accións de Dinamización

Dinamización do espírito colaborativo entre axentes de desenvolvemento

- ✓ Consolidar e dinamizar o **grupo de traballo** (formado por persoal de concellos, asociacións empresariais, oficinas de emprego e outros axentes dinamizadores das comarcas de Verín e Viana) que foi creado no primeiro trimestre de 2010.
- ✓ **Promover e aproveitar sinerxías** con iniciativas de desenvolvemento promovidas por entidades da zona.

Dinamización do espírito colaborativo nos centros de formación

Organizar **charlas** de difusión do cooperativismo e do traballo en equipo, así como **obradoiros** específicos con estas temáticas.

Difusión do Centro de Desenvolvemento Cooperativo

Organizar **visitas ao Centro** para dar a coñecer as súas instalacións, así como difundir as actividades nel organizadas.

A quen vai dirixido

Público en xeral, con especial interese polos axentes dinamizadores e os centros de ensinanza.

Detección e captación de emprendedores

Traballar cos distintos prescritesores da zona coa función de detectar e acompañar persoas con inxeranza emprendedora que podan desenvolver novos proxectos de **creación de postos de traballo**.

Dinamización do sector dos servizos sociais

Continuación do traballo comezado no primeiro semestre de 2010 para procurar a **creación de empresas** no sector dos servizos sociais. Actividade a desenvolver nos meses de **outubro e novembro**.


Dinamización do sector turístico

Nos meses de **novembro e decembro**, durante 7 sesións de 3 horas, realizarase xunto con axentes dinamizadores do sector, unha diagnose de **cómo aproveitar as potencialidades existentes** para buscar a creación de novas empresas cooperativas no eido turístico.

A quen vai dirixido

Persoas con iniciativa empresarial, especialmente interesadas na creación de empresas no sector de actividade que se determine como potencial.

Colectivos inscritos nos devanditos sectores.



Accións de Asesoramento

Asesoramento inicial a emprendedores

- ✓ **Madurar a idea de negocio.**
- ✓ Presentación dos recursos dispoñibles na zona que podería aproveitar o novo negocio.
- ✓ Indicar casos de **boas prácticas** relacionados.
- ✓ Facilitar documentación e **ferramentas de apoio aos emprendedores.**
- ✓ **Indicar e redirixir cara outros axentes** que complementen o asesoramento.
- ✓ Informar das posibilidades de abordar a súa idea empresarial dende o punto de vista cooperativo.

Acompañamento de grupos promotores de novas cooperativas

Traballar cos emprendedores para que avancen na análise de viabilidade social e económica dos seus respectivos proxectos. As titorizacións adaptaranse ás necesidades particulares que presente cada unha das iniciativas apoiadas.

A quen vai dirixido

Grupos de persoas con iniciativa empresarial.

Punto de información para cooperativas

- ✓ Recepción de **consultas.**
- ✓ **Búsqueda activa de solucións** a esas consultas, derivando no seu caso ao organismo oportuno que poda asesorar dunha forma máis eficaz.
- ✓ Entrega de **documentación** relacionada coa fórmula cooperativa e outros recursos de utilidade.
- ✓ **Recollida das necesidades, críticas e recomendacións** expresadas polas cooperativas e demais empresas de economía social.
- ✓ Difusión das actividades organizadas no seo do Centro.
- ✓ Recepción de **suxerencias de mellora** para as actividades do Centro.

Diagnose e elaboración de plans de mellora para empresas cooperativas

Asesoramento na elaboración dunha diagnose nas cooperativas xa constituídas coa intención de **detectar debilidades** nas mesmas e establecer **plans de mellora** para impulsar as áreas organizativas das empresas que así o precisen.

A quen vai dirixido

Empresas cooperativas da provincia de Ourense.



Actividades de Formación

Promoción e divulgación do cooperativismo

Obradoiro dirixido a emprendedores.

8 a 19 de novembro. 30 horas.

Obradoiro dirixido a profesorado de educación primaria.

2 a 5 de novembro. 12 horas.

Obradoiro dirixido a profesorado de educación secundaria e formación profesional.

22 a 26 de novembro. 15 horas.

Formación en prevención de riscos laborais

Curso básico de prevención de riscos laborais.

15 a 29 de novembro. 35 horas.

Seminario: Obrigas e responsabilidades en prevención de riscos laborais nas cooperativas.

3 de novembro. 2 horas.

Seminario: Prevención de riscos laborais no traballo de oficina.

30 de novembro. 2 horas.

Seminario: Prevención de riscos laborais na atención a persoas dependentes.

2 de decembro. 2 horas.

Formación en habilidades sociais

Obradoiro de habilidades sociais nivel básico.

26 a 28 de outubro. 9 horas.

Obradoiro de habilidades sociais nivel avanzado.

13 a 17 de decembro. 15 horas.

Formación para o sector agrario, gandeiro e forestal

Xornadas: Indicacións Xeográficas Protexidas e Denominacións de Orixe como factores de desenvolvemento económico rexional.

29 e 30 de outubro. 10 horas. Organiza: UNED Ourense.

Curso: Aplicador e manipulador de produtos fitosanitario I.

1 a 15 de outubro. 27 horas. Organiza: Oficina Agraria Comarcal de Verín.

Curso: Aplicador e manipulador de produtos fitosanitario II.

20 de outubro a 3 de novembro. 27 horas. Organiza: Oficina Agraria Comarcal de Verín.

Curso: Viticultura e elaboración de viños artesanais.

4 a 17 de novembro. 30 horas. Organiza: Oficina Agraria Comarcal de Verín.

Formación para o sector turístico

Plano Estratéxico para PEMEs do sector hostaleiro de Galicia.

2 de novembro a 21 de decembro. 290 horas. Organiza: Antena Local de Verín.

Máis información



Centro de Desenvolvemento Cooperativo de Verín
Parque Empresarial de Pazos
32619 - Verín (Ourense)
Teléfono: 988 413 415
centro.cooperativo.verin@gmail.com



Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Relacións Laborais
Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social
Edificio Administrativo San Lázaro s/n
15781 - Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 687



Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA)
Rúa Tomiño, 22 - entrechán, Santiago de Compostela
Teléfono: 981 584 911 / 981 584 783

Rúa Bedoia, 7 2º Oficina 1 - Ourense
Teléfono: 988 242 481



Unión de Cooperativas de Trabajo Asociado UGACOTA
Rúa do Hórreo, 104 - baixo esquerda
15701 - Santiago de Compostela
Teléfono: 981 575 578



Federación de Empresas Cooperativas SINERXIA
Rúa Fernández Villaverde, 4 - 1ª Oficina 3
Pontevedra
Teléfono: 986 896 526